
ARNAVAL
ENTROIDO



O nome de **Entroido** procede do latin Introitus que significa **entrada**

Pero non se sabe ben se se refire á **entrada** no ano novo, ou na primavera.



**Respecto á orixe do antroido:**

**Autores como Vicente Risco asígnanlle unha orixe prehistórica**





cun sentido máxico e ritual unido a prácticas de relixión primitiva.






Outros asignanlle unha orixe celta




Polos debuxos da antiguas caretas dos peliqueiros, que sempre tiñan debuxos do sol, da lúa e das estrelas.



Algúns din que  proceden das festas celebradas a Saturno na Roma antiga e ás  festas en honor a Baco ***deus do viño e das enchentas***

# O ENTROIDO



Na tradición cristiá é a “Entrada á coresma”, tempo onde non se vai poder comer carne.

# O ENTROIDO



**Carnaval** procede de **"carnelevarium",** que significaba **“quitar la carne” .**

# O ENTROIDO



así que é o momento de **comer a encher** antes desta etapa de coresma.

# XENERAIS DO ULLA







O Ulla ao seu paso por Pontevea.



O río Ulla é un curso fluvial galego pertencente á vertente atlántica. Ten as súas fontes na comarca lucense da Ulloa, á cal precisamente o río dálle nome.
Os máis importantes afluentes do Ulla son o Arnego e o Deza. En torno ao paso do Ulla atópanse varias vilas que conforman a comarca do Ulla



Val do Ulla con néboa, visto desde o Pico Sacro.

A comarca da Ulla é unha comarca natural galega inexistente desde o punto de vista administrativo, pero cantada por poetas desde hai séculos. Entre as parroquias máis importantes das que compoñen A Ulla están Arnois, Oca, Berres, Ribeira, Cora, Vea, Barcala, San Mamede de Ribadulla, Santa Cruz de Ribadulla, San Miguel de Sarandón, San Pedro de Sarandón, Teo e Carcacía, segundo descrición de Ramón Otero Pedrayo.
Desta comarca é característico o Entroido dos xenerais.



XENERAL: personaxe do Entroido da comarca do Ulla





vai montado a cabalo e viste un uniforme militar moi adornado, con moitas medallas e fitas de cores.

Van en grupo dirixindo un “exército” e establecen "combates verbais", chamados atrancos.



O ***correo*** é o encargado de anunciar a chegada da comparsa e do seu Xeneral

O ***centinela*** do outro xeneral dalle o alto **(Atráncao)** e se produce o primeiro *atranque* verbal.



General, general,
non vengha con valentías,
generales coma este,
los como todos los días.

Avanza caballo mío
por riba desa muralla
y atropalla al enemigho
que siempre nos asoballa.



Os combates **“atrancos”** son a base de coplas de rima asonante en castrapo. Cada un intenta que sexan máis intelixentes que as do enimigo…